

BLOQUE 1 • Requisitos da persoa candidata

1. Podo presentarme como persoa investigadora sen estar matriculada aínda nun doutoramento?

Si. Podes presentarte como persoa candidata sempre que, na data de peche do prazo de solicitudes, esteas matriculada, admitida ou cumpras os requisitos para matricularte a tempo completo nun programa oficial de doutoramento dunha universidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), de acordo coa ordenación académica aplicable nos cursos 2025/2026 ou 2026/2027.

As persoas que non estean matriculadas no momento da resolución da convocatoria deberán formalizar a matrícula nun programa oficial de doutoramento no curso 2026/2027, no primeiro prazo de matrícula dispoñible.

2. Que significa que os meus estudos deben estar rematados despois do 1 de xaneiro de 2022?

Con carácter xeral, para poder participar na convocatoria, a data de finalización do título de grao ou equivalente debe ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2022. Enténdese como data de finalización aquela correspondente ao pagamento das taxas de expedición do título, unha vez superadas todas as materias necesarias.

De maneira excepcional, tamén se admiten títulos finalizados a partir do 1 de xaneiro de 2019 nos seguintes casos debidamente acreditados:

- Persoas que estiveran de baixa por maternidade ou tiveran ao seu cargo menores de 6 anos nese período.
- Persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %.
- Persoas que interromperon os estudos por enfermidade grave.
- Persoas que se dedicaron á atención de persoas maiores da familia en primeiro grao.
- Persoas que posúan un título dunha especialidade en Ciencias da Saúde regulada polo Real decreto 183/2008.

Este requisito refírese exclusivamente aos estudos de grao ou titulación equivalente; o máster non se ten en conta para cumprir esta condición.

3. Podo presentarme se xa teño o título de doutor/a?

Non. Esta convocatoria está dirixida exclusivamente a persoal investigador en formación. As persoas que xa estean en posesión do título de doutor ou doutora non poden optar a estas axudas.

4. Que pasa se non teño nacionalidade dun país da Unión Europea?

Podes presentarte como persoa candidata aínda que non teñas nacionalidade dun país da Unión Europea, sempre que, no caso de resultar seleccionada, dispoñas dos permisos necesarios de residencia e traballo en España para formalizar o contrato. Non obstante, a convocatoria establece que, do total de axudas que se concedan, como máximo unha (1) poderá corresponder a unha persoa candidata non comunitaria. Este límite non implica a existencia dunha praza reservada, senón un número máximo de persoas non comunitarias que poden resultar beneficiarias.

5. A data do 1 de xaneiro de 2022 refírese ao grao ou tamén conta o máster?

Este requisito refírese exclusivamente á data de finalización dos estudos de grao ou titulación equivalente. Para cumprir o criterio de elixibilidade, a persoa candidata debe ter rematado o grao despois do 1 de xaneiro de 2022, agás nos supostos excepcionais previstos na convocatoria. O máster universitario non se ten en conta para cumprir este requisito de data, aínda que poida ser necesario para acceder ao programa de doutoramento correspondente.

6. Pode a persoa candidata ter participación na empresa solicitante?

Non. A persoa candidata non pode ter participación no capital da entidade solicitante nin doutra entidade relacionada accionarial ou socialmente con ela, cando esa participación supoña unha capacidade de control efectivo, directa ou indirecta.

Este requisito ten como finalidade evitar conflitos de interese e garantir a obxectividade do proceso de selección.

BLOQUE 2 · Presentación da solicitude

7. Quen debe presentar a solicitude: a persoa investigadora, a empresa ou a universidade?

A solicitude debe ser presentada obrigatoriamente por unha empresa ou un centro de innovación e tecnoloxía, en colaboración cunha universidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

A persoa investigadora non presenta a solicitude directamente, senón que é proposta pola empresa ou centro solicitante como responsable de desenvolver a tese doutoral asociada ao proxecto de doutoramento industrial.

8. Pode presentarme máis dunha empresa ou centro como persoa candidata?*

Non. Cada persoa candidata só pode figurar nunha única solicitude dentro da convocatoria. Isto implica que non podes participar en máis dunha candidatura, aínda que sexan presentadas por empresas ou centros distintos.

No caso de que unha mesma persoa candidata apareza en máis dunha solicitude:

- Só se terá en conta a última solicitude presentada no rexistro, dentro do prazo establecido.
- As solicitudes anteriores consideraranse automaticamente desistidas.

Pola contra, si, unha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía pode presentar varias solicitudes, sempre que:

- Cada solicitude corresponda a un proxecto diferente.
- Se propoña unha persoa candidata distinta en cada unha.
- Se cumpran todos os requisitos esixidos para cada candidatura.

9. Que pasa se aínda non se asinou o convenio entre a empresa e a universidade?

No momento de presentar a solicitude, non é obrigatorio que o convenio estea xa asinado. Nese caso, poderá achegarse unha declaración de compromiso asinada pola empresa ou centro e pola universidade, segundo o modelo establecido na convocatoria (anexo IV), na que se indique que o convenio será formalizado con posterioridade.

A presentación desta declaración de compromiso permite continuar co proceso de avaliación, pero o convenio deberá formalizarse antes do inicio efectivo do proxecto e da contratación da persoa investigadora.

BLOQUE 3 · Entidades beneficiarias e cupos

10. Cantas axudas se concederán e como se distribúen?

A convocatoria establece a concesión dun máximo de quince (15) axudas para proxectos de doutoramento industrial.

Estas axudas distribúense do seguinte xeito:

- 12 axudas destinadas a empresas.
- 3 axudas destinadas a centros de innovación e tecnoloxía.

Ademais:

- Resérvase unha (1) axuda para persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %. Se non se cobre, incorporárase ao grupo xeral.
- Como máximo unha (1) axuda poderá corresponder a unha persoa candidata non comunitaria. Este límite non supón unha praza reservada, senón un número máximo de persoas beneficiarias nesta situación.

11. Pode unha ONG ou fundación sen ánimo de lucro presentar solicitude?

Si. Unha ONG ou fundación sen ánimo de lucro pode presentar solicitude sempre que exerza unha actividade económica, é dicir, que ofrezca bens ou servizos nun mercado.

Para os efectos desta convocatoria, considérase empresa calquera entidade, con ou sen ánimo de lucro, que realice unha actividade económica, de acordo co disposto no Regulamento (UE) nº 651/2014.

Nestes casos, a entidade solicitante estará suxeita ao réxime de axudas de minimis, cun límite máximo de 300.000 € nun período de tres anos, segundo o Regulamento (UE) 2023/2831.

BLOQUE 4 · Condiciones do contrato e compatibilidades

12. Cales son as condicións do contrato e que salario vou percibir como persoa contratada?

Condicións do contrato

Os contratos deberán formalizarse de acordo coa lexislación laboral vixente (contratos indefinidos), a tempo completo e encadrados no grupo de cotización 1 ou 2 da Seguridade Social.

- Nas empresas, o contrato formalizarase conforme á normativa laboral xeral aplicable.
- Nos centros de innovación e tecnoloxía, poderá empregarse, se procede, a modalidade de contrato predoutoral regulada no artigo 21 da Lei 14/2011, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, ou a modalidade que resulte legalmente aplicable.

En todo caso, a axuda concedida para salarios non determina o salario que percibirá a persoa contratada, senón que establece unha achega económica máxima que recibe a entidade beneficiaria. Se o custo real do contrato é superior ao importe subvencionado, a diferenza deberá ser asumida pola entidade contratante.

Que salario vou cobrar?

O salario exacto dependerá do contrato laboral que se formalice. Para a súa determinación é necesario distinguir dous aspectos:

A. Financiamento público máximo (achega da Xunta)

A convocatoria establece os seguintes límites máximos anuais de financiamento, que inclúen salario e cotizacións sociais empresariais, e que se transfiren á entidade contratante como axuda a fondo perdido:



- Ano 1: ata 24.600 €
- Ano 2: ata 24.600 €
- Ano 3: ata 25.200 €
- Ano 4: ata 30.600 €

Estas contías representan o máximo subvencionable, pero non fixan a retribución obrigatoria da persoa contratada.

B. Retribución mínima legal obrigatoria

A retribución anual bruta deberá ser a máis elevada, respectando sempre o Salario Mínimo Interprofesional (SMI) vixente, entre:

1. Os porcentaxes mínimos establecidos no artigo 7 do Real decreto 103/2019, polo que se regula o Estatuto do Persoal Investigador Predoutoral en Formación.
2. O salario establecido no convenio colectivo sectorial que resulte de aplicación, se este fixa condicións máis favorables.

Segundo o Real decreto 103/2019, establécense os seguintes mínimos:

- Anos 1 e 2: non inferior ao 56 % do salario de referencia.
- Ano 3: non inferior ao 60 %.
- Ano 4: non inferior ao 75 %.

Como referencia orientativa, tomando o salario actual do Grupo M3 do Convenio Único do Persoal Laboral da Administración Xeral do Estado (32.624,20 € anuais en 2025), os salarios brutos mínimos serían:

- Ano 1 e 2: 18.269,55 €
- Ano 3: 19.574,52 €
- Ano 4: 24.468,15 €

13. A axuda cobre o 100 % do custo do contrato e do proxecto?

Non. A axuda concedida é unha achega parcial a fondo perdido e non cobre necesariamente o 100 % do custo do contrato nin dos gastos asociados ao proxecto de doutoramento industrial.

A entidade beneficiaria (empresa ou centro de innovación e tecnoloxía) deberá asumir:

- Calquera diferenza entre o custo real do contrato e o importe máximo subvencionado.
- Os gastos do proxecto que superen os límites máximos establecidos na convocatoria.
- O cumprimento íntegro das obrigas laborais e legais, incluída a garantía da retribución mínima obrigatoria da persoa contratada.

14. É compatible esta axuda con outras bolsas ou axudas?

Non, cando se trate de axudas destinadas á mesma finalidade, é dicir, á financiación da formación predoutoral ou do contrato asociado ao doutoramento industrial.

No caso de que a persoa candidata tivese desfrutado con anterioridade doutra axuda predoutoral, pública ou privada, a duración da axuda desta convocatoria reducirase proporcionalmente ao tempo xa financiado.

Outras axudas de carácter diferente, como axudas de mobilidade, premios ou bolsas puntuais, poderán ser compatibles, sempre que:

1. Non financien a mesma finalidade.
2. Sexan debidamente declaradas.

No caso das empresas, a concesión desta axuda está suxeita ao réxime de axudas de minimis, polo que o importe total das axudas de minimis recibidas pola empresa non poderá superar os 300.000 € nun período de tres anos, conforme á normativa europea vixente.

15. Podo traballar noutra actividade mentres dure o contrato de doutoramento industrial?

Con carácter xeral, non. O contrato de doutoramento industrial debe formalizarse a tempo completo e é incompatible coa vixencia de calquera outro contrato laboral por conta allea durante o seu período de duración, co obxectivo de garantir a dedicación efectiva da persoa contratada ao proxecto de doutoramento industrial.

Esta incompatibilidade refírese especificamente a outros contratos laborais. Polo tanto, non exclúe necesariamente a realización doutras actividades que non teñan natureza de relación laboral, como, por exemplo, o exercicio dunha actividade por conta propia (alta como persoa autónoma), sempre que sexan compatibles coa dedicación ao proxecto e non interfiran co cumprimento das obrigas derivadas do contrato.

Para determinar que actividades complementarias poderían ser compatibles coa actividade investigadora (como, por exemplo, determinadas actividades docentes), recoméndase atender ao disposto na Lei da ciencia e na súa normativa de desenvolvemento.

En consecuencia, non é posible manter outro contrato laboral por conta allea, pero poderán existir actividades complementarias compatibles sempre que non comprometan a dedicación ao proxecto financiado.

16. Pódese superar o límite de horas de docencia anual durante o doutoramento industrial?

Non. A convocatoria establece expresamente que non se poden superar as 30 horas anuais de docencia durante a vixencia do contrato de doutoramento industrial.

Aínda que o Real decreto 103/2019 fixa con carácter xeral un máximo de 60 horas anuais, esta convocatoria autonómica introduce unha limitación máis estrita, plenamente válida ao tratarse dunha concreción da norma xeral.

Esta limitación responde ao obxectivo do programa, que prioriza a formación investigadora da persoa doutoranda no entorno empresarial, sendo a actividade docente un complemento formativo non central.

BLOQUE 5 · Outros gastos da axuda e mobilidade internacional

17. Que outros gastos cobre a axuda ademais do salario?

Ademais do financiamento do contrato laboral, a axuda inclúe outros importes destinados a cubrir gastos necesarios para o desenvolvemento do proxecto de doutoramento industrial.

En concreto, a convocatoria contempla:

- 1.000 € anuais para cubrir gastos asociados á contratación e aos seguros obrigatorios.
- Ata 5.000 € anuais para outros gastos relacionados co proxecto, entre os que se inclúen:
 - Viaxes e dietas da persoa doutoranda vinculadas á actividade do proxecto.
 - Material funxible e pequeno equipamento inventariable.
 - Servizos tecnolóxicos externos.
 - Gastos de formación especializada relacionados co proxecto de doutoramento industrial.

Estes importes teñen carácter de máximo subvencionable. Se os gastos reais superan esas contías, a diferenza deberá ser asumida pola entidade beneficiaria.

18. É obrigatoria unha estadía internacional durante o doutoramento industrial?

Non. A realización dunha estadía internacional non é obrigatoria para participar no programa de doutoramento industrial.

Non obstante, para obter a mención de Doutoramento Internacional, a persoa doutoranda deberá realizar unha estadía no estranxeiro cunha duración mínima total de tres meses, dentro do período establecido na convocatoria. Real decreto 99/2011 (artigo 15.1.a) establece que Se a estadía se realiza de forma fraccionada, polo menos unha das estadías debe ter unha duración mínima continuada dun mes.

Duración da estadía

- A estadía pode durar exactamente tres meses ou máis.
- A axuda da convocatoria só financia un máximo de tres meses.
- Se a estadía dura máis tempo, non se incrementa a axuda económica, e o tempo adicional deberá financiarse por outros medios.

Forma de realización

- Os tres meses financiados non teñen por que ser continuados.
- Poden realizarse de forma fraccionada, sempre dentro do período de estadías establecido na convocatoria.
- O requisito económico é que a duración total sume tres meses.

Mención de Doutoramento Internacional

Para obter a mención de Doutoramento Internacional, o Real decreto 99/2011 (artigo 15.1.a) establece que Se a estadía se realiza de forma fraccionada, polo menos unha das estadías debe ter unha duración mínima continuada dun mes.

BLOQUE 6 · Desenvolvemento do doutoramento e situacións especiais

19. Pode a empresa decidir non contratar á persoa candidata aínda que o proxecto resulte aprobado?

Si. A concesión da axuda realízase á empresa ou centro de innovación e tecnoloxía, non directamente á persoa candidata.

Isto implica que, aínda que o proxecto sexa aprobado e obteña resolución favorable, a empresa ou centro pode renunciar á contratación da persoa candidata proposta. Nestes casos, a axuda non se traslada a outra persoa candidata, nin se prevé a súa substitución.

Sen prexuízo do anterior, a convocatoria parte da existencia dun compromiso previo firme por parte da entidade solicitante para formalizar a contratación, polo que estas situacións deberían ter carácter excepcional.

20. Pódese cambiar de universidade ou de empresa durante o doutoramento industrial?

Non. A axuda está vinculada ao proxecto aprobado, ao convenio presentado e á colaboración concreta entre unha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía e unha universidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Calquera cambio de universidade ou de empresa suporía unha modificación substancial das condicións da axuda, non prevista na convocatoria. Nestes casos, a continuidade da axuda non estaría garantida e podería dar lugar á súa perda.

21. Que pasa se se abandona o doutoramento ou se se extingue o contrato?

No caso de abandono do doutoramento ou de extinción do contrato laboral, a axuda finaliza automaticamente para a persoa doutoranda afectada.

A convocatoria si prevé a existencia dunha lista de espera, pero a posibilidade de substituír a persoa candidata ou de cubrir a vacante está limitada no tempo.

En concreto, só poderán realizarse substitucións ou cubrir vacantes cando a renuncia da empresa ou centro beneficiario se produza antes da data límite establecida na convocatoria. Unha vez superada esa data, non será posible realizar substitucións, aínda que exista lista de espera.

22. Que tipo de certificados de prácticas son válidos para a convocatoria?

Só se admitirán certificados de prácticas realizadas en empresas ou centros de innovación e tecnoloxía, sempre que estean debidamente acreditadas.

A efectos desta convocatoria, enténdese por centros de innovación e tecnoloxía aqueles que figuren inscritos (ou teñan resolución de recoñecemento como centro tecnolóxico ou centro de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal) no rexistro regulado no Real decreto 2093/2008, do 19 de decembro, polo que se regulan os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal e se crea o rexistro destes centros.

Non serán válidas:

- As prácticas realizadas exclusivamente en universidades.



- As prácticas curriculares obrigatorias incluídas no plan de estudos do grao ou do máster.
- As prácticas realizadas no marco de calquera outro tipo de programa formativo, público ou privado, que non teña natureza de prácticas extracurriculares en empresas ou centros tecnolóxicos.

Si serán válidas:

- As prácticas extracurriculares, realizadas de maneira adicional ao programa formativo oficial.
- Sempre que se desenvolvesen nunha empresa ou centro tecnolóxico e consten debidamente certificadas pola entidade correspondente.

23. Que tipo de certificado de idioma é válido para acreditar competencia lingüística?

Para os efectos desta convocatoria, será válido unicamente un certificado de coñecemento dunha lingua estranxeira no que figure expresamente o nivel alcanzado, de acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER).

Só se aceptarán títulos, diplomas ou certificados recoñecidos por ACLES (Asociación de Centros de Linguas no Ensino Superior), conforme á revisión vixente realizada o 28 de xullo de 2025.

Non se considerará lingua estranxeira:

- A lingua do país de orixe ou nacionalidade da persoa candidata.
- As linguas nas que a persoa candidata teña a consideración de falante nativa ou nas que recibise escolarización ordinaria.

En consecuencia, non serán válidos certificados que:

- Correspondan a unha lingua nativa da persoa candidata.
- Non indiquen de forma expresa o nivel MCER alcanzado.
- Non estean incluídos na relación de certificados recoñecidos por ACLES.